



A CAPELA DOS SANTOS REIS

.....
Me preguntan a mí, me preguntan
El sitio en donde el Niño naciere
En Belén de Judea, respondo.
Pues la Epifanía así lo refiere.

Cantiga popular

.....

ANTECEDENTES

Por Manuel Aldao Portas

A Capela dos Santos Reis de Bueu está, dende a orixe rodeada de certo halo de misterio. Que movería a Fernando de la Rúa Freire, abade de san Martiño de Bueu, comisario do Santo Oficio, a levantar unha capela dedicada aos Santos Reis? Ese acto de adoración, que ben puidese ser o quinto misterio gozoso, celébrase con grande entusiasmo compartindo regalos cos seres queridos, sobre todo cos nenos. Non obstante, son escasas as advocacións. Parece ser que como templo, en toda Europa, só existen a catedral de Colonia en Alemaña, e esta modesta capela.

Fernando de la Rúa funda esta capelanía no ano 1686. Institúea con vinte catro misas rezadas e dúas cantadas, unha o día da Epifanía e outra o da Ascensión, segundo datos do arquivo parroquial. Constrúe a capela no monte chamado do Roxo, dentro dos terreos pertencentes o pazo de Castrelo, que xuntamente co de Santa Cruz eran propiedade desta familia. Tanto a construción da propia capela como a contorna do campión houbo de ser de considerables proporcións para dar cabida a toda esa riqueza ornamental: modillóns nas paredes, evanxelistas, romeiros, grupos folclóricos, as figuras dos tres Reis e o Calvario, labrados en pedra.



E de novo tropezamos co misterio. Que provocou o derrubamento, que a levou a total desaparición?. O feito de ser privada, lévanos a supoñer un interese do dono en conservala, ou cando menos en evitar a espoliación. En certo modo os feitos ocorren así, porque inda que non se evitou a destrución, a familia Pimentel, donos do pazo naquelas datas, recolleron gran parte das labras ornamentais. Outras labras, é tradición que están espalladas por varias casas de Bueu.

D. Angel Rama Lestón, cura párroco de Bueu dende 1930 a 1970, no escrito remitido o alcalde, en 27 de setembro de 1948, dándose por comunicado da intención da construción da nova capela, en recordo do acontecido coa antiga, manifesta certa inquietude e esperanza: "*Abrigo la esperanza de que habrá de quedar resguardada para siempre de toda incuria y espíritu demoledor que parece acabó con las obras públicas realizadas por D. Fernando en esta parroquia; tal aconteció también con los cruces*

ros de las estaciones del Viacrucisde algún furor iconoclasta que pasó por la localidad."


As datas en que se van producindo este derrubo, seguidodo espolio, pódense situar a mediados do século XIX. José María Estévez en *Reconocer Bueu* di: "*En 1827 era Pedro Pimentel quien por donaciones de Fernando de la Rúa ya en 1688 (seguramente antes) obliga a que en esta capilla se celebre el 6 de enero misa cantada, con parva, chocolate, frasco de vino y pan, y día de la Ascensión misa cantada.*"

Desta cita, dedúcese que estaba en activo en estas datas. Outro documento que nos leva a situar o derrubo no tempo é un escrito do Alcalde de Bueu que, en 1948, dirixe os Señores Bescansa, donos do pazo de Santa Cruz, comunicándolles a construción dunha nova capela e pedíndolle a devolución dalgunhas figuras de pedra pertencentes a antiga, que Melitón Pimentel recollera e colocara no pazo facía "50 o 60 años".



A desaparición da antiga construción e todo aquel esplendor é un feito, pero non decaeu devoción popular, pois en col dunha pequena fornela que gardaba a imaxe do Rei Baltasar, mantívose viva ata os nosos días e todos os anos, nas datas de Reis, oíanse estoupar no alto do Valado, os foguetes que os devotos ofreceran polos favores recibidos. Aínda que non faltaba quen alumease con candelas, case sempre a ofrenda aos Reis, curiosamente, eran foguetes.

[Continuará]



A CAPELA DOS SANTOS REIS

[Continuación] No ano 1945, ao abrir a estrada de Banda do Río á Portela, a fornela dos Santos Reis foi tamén derruída, e a imaxe do rei Baltasar recolleuna a señora Dolores Méndez coidadora deste monumento de culto. Reconstruída ao estado actual, presenta unha pedra coa inscrición: "D JOSE", que non se sabe se pertencía á fornela, pero mais ben parece que, nesta reconstrución, foi encaixada alí.


CONSTRUCCIÓN DA NOVA CAPELA

En 1948, a un século do devalo, derrubamento e desaparición da capela orixinal, o alcalde de Bueu, José María Massó García inicia os tramites para erguer unha nova capela dos Santos Reis na contorna da antiga. José María exponlle os detalles do que pretendía para esta obra ao pintor Urbano Lugrís González, aproveitando a ocasión de que naquelas datas atópase en Bueu realizando algúns traballos para a Empresa e familia Massó, concretamente pintando varios cadros para a decoración do comedor da fábrica. Hoxe, algúns deles, forman parte dos fondos do Museo Massó.

Lugrís desenvolverá todo o proxecto e decoración da nova capela. No interior; deseña un retablo, e pinta uns cadros para a súa decoración. O arco do pórtico esta coroadado por un Crismón, que xuntamente coas figuras pétreas de San Xosé e da Virxe María, que flanquean dito arco, son os únicos símbolos relixiosos. Como era de esperar do "*Señor dos pazos do mar*", os motivos ornamentais son todos temas mariñeiros, un barco veleiro, unha ancora, un golfiño, unha cuncha de vieira, unha gaivota, unha rosa dos ventos e unha balea. Os canzorros están todos decorados con unha cuncha de vieira, e as ventás cunha roda de temón. Acabada a obra os bosquexos orixinais cos detalles de decoración, foron gardados no arquivo municipal de Bueu formando parte do expediente da capela dos Santos Reis.



No ano 1989 prodúcese un incendio no arquivo municipal, como consecuencia, entre o fogo e a auga dos bombeiros moitos documentos quedaron destruídos ou danados, os obreiros municipais, procederon a retirada do material inservible e botalo para o lixo. Un dos operarios veu uns papeis con certos debuxos enrolados que, aínda que algúns un pouco mollados, podíanse aproveitar e apartounos dos que ían para o lixo. Xuntamente con outros que tamén se salvaron, leváronos para a Biblioteca Municipal, se que ninguén se decatase que eran os bosquexos que Lugrís debuxara para a capela dos Santos Reis.



No ano 1997, a asociación de veciños "*Tres Barrios*" (Valado, Ramorta e Carrasqueira) organizou unha conferencia sobre Lugrís na casa da cultura, que impartiu Antón Patiño, nesta conferencia foron citados estes bosquexos, e o bibliotecario que estaba presente, recordou que el vira uns debuxos como os que estaban describindo, foi a comprobalo e atópase que efectivamente eran os bosquexos orixinais da capela dos Santos Reis asinados por Lugrís.

Despois do achado, o Concello, agora conscientes do valor que atesouraban, toma a determinación de enmarcalos e expoñelos na sala de plenos. Na actualidade os cadros expostos son copias, os

orixinais están depositados no Museo Massó.

Tomado o acordo no Concello para a construción da capela, iniciase as xestións da compra dunha parcela de 568 metros cadrados propiedade de Manuel Piñeiro Santos "*Cherreche*", á vez que se informa ao párroco de Bueu e se solicita a autorización do Arcebispado que a concede con data 20 de outubro de 1948.

Encargase do proxecto técnico o enxeñeiro de camiños Angel Balbás Reguer, quen reproduce

fielmente os planos de Lugrís, calcula os orzamentos por partidas de obra etc. que alcanza un valor de 30.840,05 pesetas, e firma os planos que adquiren valor técnico e legal.

Publícase no *Boletín Oficial da Provincia* a convocatoria de poxa para tales obras, que foron adjudicadas o canteiro Victoriano Barcala Farto por 30.840 pesetas. As imaxes de San Xosé e da Virxe María son labras deste mesmo autor, con un custo de 1.400 pesetas, e un altar de pedra por 2.150 pesetas, sobre o orzamento de obra ofertado. O retablo así como o grupo escultórico dos tres Reis Magos pertencen o taller dos irmáns Rivas, de Santiago de Compostela.

No transcurso das obras prodúcese unha denuncia do, capataz vixiante da estrada, como anécdota diremos que se chamaba Baltasar, sobre a carencia da licenza de construción. A resposta do Concello fundaméntase en que as obras en curso están sobre a cimentación existente da antiga capela, e só pide autorización para construír as escaleiras de acceso. Esta resposta do Concello suscita a dúbida sobre a situación da capela antiga.





É tradición que esta ermida estaba en terreos do Pazo, por iso, cando se derrubou, os donos levaron as figuras. Analizando os espazos da finca, o sitio mais axeitado situase a poucos metros da actual, cerca da fonte do pazo coñecida como "Dos Monecos". Para erguer o novo edificio o Concello merca a parcela a un propietario alleo ao pazo. A orografía do novo terreo, cun gran desnivel, non era axeitada para que houbera unha construción. Na memoria do proxecto de obra, o enxeñeiro calcula un volume de movemento de terras de escavación de 36 m³ e unha cimentación de cachote con morteiro de 6 m³, partidas que aparecen nas certificacións de obra realizada asinadas polo, enxeñeiro de camiños Enrique Picó Naya.

Estes datos, sen poder afirmalo de maneira rotunda, lévanos a pensar que, dada a proximidade da nova capela coa situación da antiga, o Concello recorreu esta pequena argucia para resolver o tramite da denuncia.

Como a parcela mercada ao Sr. Piñeiro Santos quedaba pequena para o desenvolvemento dos actos relixiosos, o Concello en decembro de 1949, mércalle a Rolindes de la Cueva, propietaria do pazo de Castrelo, unha finca lindeira de 157 varas equivalentes a 1.156 metros cadrados por un prezo de 2.095 pesetas; para ampliar os terreos pertencentes a capela. Con esta adquisición, ampliouse o espazo de espaxamento e, na parte mais alta do monte, plantáronse árbores coa intención de que co tempo, o recadado pola a súa venda puidese empregarse na reparación de posibles deterioros da capela.

Outra meta que se propuxo José María Massó e os seus colaboradores foi recuperar o maior número posible das antigas figuras daquel rico conxunto do templo orixinal, para acompañar na ornamentación da capela as tallas de a Virxe e san Xosé. O rei Baltasar, perfectamente localizado na casa de señora Dolores Méndez, recuperouse facilmente, pero non así o resto das imaxes, de aí, a citada carta do Sr. Massó os señores Bescansa, pedíndolle catro figuras. Nesa liña vai tamén o escrito do Concello, de data 10 de xaneiro de 1950, dirixido ao Xuíz Comarcal de Bueu. Nel informan o maxistrado de como se realizaran as obras da capela, de como conseguiron a imaxe do rei Baltasar e da imposibilidade de obter as de Gaspar e Melchor. Segundo as pescudas realizadas, e segundo aseveracións de todo crédito, estaban nunha determinada casa da rúa Montero Ríos, polo que lle pegan ao xuíz a súa intervención.

Como resultado destas xestións, a imaxinería da nova capela queda composta polas figuras pétreas de tres evanxelistas: Lucas, Mateu e Xoán, e o rei Baltasar, procedentes da antiga capela, e San Xosé, a Virxe María e o grupo escultórico dos tres Reis de nova realización.



[Continuará]

Os 3 Evanxelistas: Lucas, Xoán e Mateo, procedentes da antiga capela dos Santos Reis.



A CAPELA DOS SANTOS REIS

[Continuación] Segundo a acta correspondente realizouse esta cerimonia de bendición o 4 de outubro de 1953, oficiada polo cura párroco de Bueu D. Angel Rama Lestón por delegación do Cardeal Arcebispo de Santiago de Compostela D. Fernando Quiroga Palacios, acompañado do coadxutor D. Desiderio Gradín Moreira exercendo de secretario, coa presenza do, Sr. Alcalde D. José María Massó García e a Corporación Municipal en pleno, e como testemuñas presenciais Gaspar Massó García, José Cerqueiro Malvido, Antonio Puig Davila e

Julio Rodríguez Portela e numerosos veciños da vila.

Despois das sinaturas das autoridades e testemuñas, no mesmo prego, hai un engadido que indica que as obras da capela foron levadas a cabo polo Concello nos anos 1948 e 1949, sendo Alcalde D. José María Massó García, Secretario D. José Cerqueiro Malvido, e seguidamente relaciona os concelleiros das corporacións de cada ano. Este engadido suscita dúas interrogantes: O porqué desta aclaración, e o porqué de, si a obra está acabada no 1949, houbo de chegar a outubro de 1953 para ser bendicida.

Segundo José María Estévez, o día da bendición e inauguración estivo un día magnífico, celebrouse misa con abundancia de público e amenizaron o acto os gaiteiros "Os Barros".

No expediente figura un escandallo dos custos da construción e ornamentación da capela que ascende a 62.673,08 pesetas. Como curiosidade diremos que non aparecen os honorarios de Lugrís.

NOVA ETAPA DOS SANTOS REIS

Os primeiros anos, celebrábase misa o día dos Reis. A devoción popular mantivo a tradición dos foguetes, e incluso, no ano 1956 celebrouse nela a cerimonia da voda de Jorge Diz Paz e Carmen Medraño Cortizo. Mais logo entrou nunha etapa de decadencia, ata o extremo que no 1970 derrúbase o tellado e estivo así ata o ano 1975 no que o Concello como propietario restaura a cuberta, esta vez cunha armazón rixida de formigón, e repón porta e as ventás. Esta circunstancia de abandono durante tan longo tempo deu ocasión para ser espoliala de novo. Neste ataque desapareceu o Rei Baltasar, as figuras de San Xosé e da Virxe María e o retablo cos cadros de Lugrís, a talla dos Reis salváronse porque estaban gardadas na Casa do Concello.

Volvemos as incógnitas e preguntarnos, quen levou esta imaxes, cadros e retablo?, seguro que, en esta ocasión, o latrocinio non procede dun "furor iconoclasta".

A capela está renovada, pero séguese sen celebrar culto, só ocasionalmente se oía o estoupido dos foguetes. No ano 1984, con Benito Lorenzo González (Benito o Romano) ao fronte da comisión da festa, volveuse celebrar misa e romaría nos Santos Reis.

No ano 1985 nace a "Asociación Cultural Santos Reis" formada por un grupo de veciños do Valado que, entre outras actividades, toma o cargo de coidar, e enriquecer a capela e a contorna, organizar as festa preceptivas de o día de Reis e o da Ascensión, tal como as establecera Fernando de la Rúa, con viño e pan, agora con viño, bebidas refrescantes, rosca e torta de roxóns.




Esta asociación mantén o campión da capela limpo. A súas instancias conseguiron que o Concello cortase as arbores da zona do monte, pois causaban danos na capela cando caía algún, e co obtido da venda ampliaron o adro e levantaron o muro de contención de terras a redor da capela, evitando que a maleza que xera o monte invada o espazo do público. Estas melloras na capela e na súa contorna, animan os fregueses a acudir as celebracións do día de Reis e da Ascensión congregando alí un numero importante de romeiros. E completando o rito de sacramentos celebrados nesta capela, no ano 2003 bautizaron un neno co nome



de Lucas, e no ano 2006 administrouse a primeira comunión a outro neno.

Por Manuel Aldao Portas [Continuará]



A CAPELA DOS SANTOS REIS


[Continuación] A Asociación Santos Reis preparou, ao seu custo e esforzo, un espazo de descanso e espaxamento con unha mesa de pedra que permite repousar e merendar comodamente gozando das preciosas vistas que nos ofrece aquela paraxe.

No propósito de repoñer a imaxinería as datas da bendición da nova capela, encargaron a Canteiros de Pontecaldelas, facilitándolle copia dos bosquexos de Lugrís, as imaxes de San Xosé e da Virxe María, e foron colocadas nas respectivas fornelas o día da Ascensión de 2005.

Dada a imposibilidade de conseguir o san Marcos orixinal como era o propósito da Asociación, no ano 2008, Manuel Aldao Portas proponlles colocar na pilastra que deixara baleira o desaparecido Rei Baltasar, o Evanxelista San Marcos, cuxa labra tiña case rematada. Aceptaron a oferta de dación e Aldao rematou a talla e adaptouna ao lugar de colocación. Nesta labra non se intentou reproducir o San Marcos orixinal, pero si respectar a simboloxía que aparecen nas figuras da antiga capela, como o libro, o tinteiro, o porta cálamos e o símbolo do evanxelista, en San Marcos un león. O día dos Reis de 2009, cos actos da celebración da festa bendícese a nova imaxe.

No derrubo dos anos setenta e conseguínte espoliación, ao desaparecer o retablo e os cadros, o interior da capela quedou espido, e aínda que o Concello restaurou a cuberta, non así a ornamentación interior, toda vez que, como xa dixemos, non se volveu a celebra misa ata o ano 1984.

A Asociación Santos Reis procurou a mellora do interior da capela, limpando o altar de pedra de Lugrís, e erguendo un novo altar que permite oficiar a Eucaristía cara ao público e dotándoa ademais de lámpadas e bancos. Como non poden restituír o retablo na forma orixinal, por superar a capacidade económica da Asociación, encargaron dous cadros, un representado a Ascensión do Señor e outro ao Cristo da Agonía, en homenaxe a unha imaxe pétrea dun pequeno peto de ánimas que hai no Valado, e se cree que procede tamén da antiga capela. Estas pinturas realizadas o óleo por Enrique Vidal Santos, foron doadas polo artista o mesmo que o traballo de pintado da imaxe da Ascensión.



Hoxe, cando nos acercamos ao Santos Reis e contemplamos as fermosas paraxes que dende alí se dominan, cando admiramos a singular capela e observamos o presente pleno, cando contemplamos imaxes de mais de tres séculos en harmonía con outras modernas, o pensamento lévanos a 1686 e sentimos a necesidade de render homenaxe a Fernando de La Rúa por tela fundado ea todas e cada unha das persoas que ao longo do tempo loitaron porque non se perdesse esta devoción. Esperamos que as mans do futuro só teñan que coidala, que acariñala e nunca teñan que volver a reconstruíla.

[FIN]

Por Manuel Aldao Portas